

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a sete de setembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de setembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

Deseguido e de conformidade co previsto no artigo 21 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), a concelleira Sra. Vázquez López auséntase da sesión para a adopción do seguinte acordo, ao incorrer nela a causa de abstención establecida no artigo 23.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Gandeiría Pallón S.C.

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 27 de xullo de 2023 (RE-E núm. 433), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GANDEIRÍA PALLÓN S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CRISTIMIL, PARROQUIA DE SAN CRISTOVO DO AZ
REPRESENTANTE	JULIO VÁZQUEZ DIÉGUEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CUBERTA EN CORTE
LUGAR	CRISTIMIL
PARROQUIA	SAN CRISTOVO DO AZ
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
REFª CATASTRAL PARCELA	36047A001002700000PR
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (memoria valorada redactada pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, en data 27/07/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	31.293,71 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 04/09/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de SEISCENTOS VINTE E CINCO EURIOS CON OITENTA E SETE CÉNTIMOS (625,87 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

Rematado o debate e votación do anterior punto da Orde do día, reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Vázquez López.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 28 de agosto do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación da obra

denominada “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Acta de trazado previo, asinada con data 6 de setembro de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra de “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 183.871,48 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación da obra, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A CONSTRUCIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVA E ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO INVENTARIABLE

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 28 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e

Deportes, pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2023 para a concesión de subvencións plurianuais e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación e mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 151, do 09/08/23); e a conveniencia de solicitar dita subvención para a construción dunha pista de pádel exterior no lugar de Rodeiro e para a adquisición de diverso material para as instalacións deportivas municipais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as seguintes subvencións, por importe global de CORENTA E DOUS MIL SEISCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS (42.652,08 €), para o financiamento das actuacións que cos seus orzamentos deseguido se sinalan:

ACTUACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL
Construción de pista de pádel exterior	48.308,65 €	38.646,92 €	9.661,73 €
Adquisición de diversos equipamentos deportivos	5.006,46 €	4.005,16 €	1.001,30 €

Segundo.- Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario das subvencións solicitadas.

Cuarto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

5.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da conveniencia de proceder a designar novos representantes municipais no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, por canto as anteriormente designadas non foron renovados tralas Eleccións Locais de 2023, de conformidade coas previsións establecidas no artigo 29 e na Disposición adicional primeira dos Estatutos da Asociación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar representantes municipais no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ás seguintes persoas:

- ✓ Representante política: Begoña Vázquez López, concelleira-delegada de Servizos Sociais.
- ✓ Representante técnica: Ana Belén Rodríguez Pérez, educadora familiar do Concello.

6.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO

Con data 6 de setembro do corrente Don Alejandro Cambeiro Cardelle, traballador laboral temporal do Concello, coa categoría de socorrista da piscina municipal, presenta minuta asinada para o recoñecemento de once (11) horas extraordinarias realizadas en días festivos. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. concelleiro-delegado de Deportes, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2023, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de once (11) horas extraordinarias a percibir coa nómina do mes de setembro de 2023.

7.- CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, adoptado en data 01/09/23, autorizouse a modificación do acordo inicial de concesión da subvención ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023, de conformidade co solicitado no seu día polo Concello por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 27 de xullo do corrente. En consecuencia, procede iniciar o proceso de selección dos novos postos de traballo autorizados.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar convocatoria pública a través de oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a contratación de dous (2) postos de traballo, ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego 2023.

Segundo.- Aplicar ao proceso de selección dos postos de traballo o baremo aprobado por acordo deste órgano na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, coas seguintes modificacións:

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS: dous (2) peóns de obras públicas.

DURACIÓN DO CONTRATO: dous (2) meses.

8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DAS ANTAS, CASTUGARES, BARREGALLOS, MARIÑAOS, BAGARELAS E ESPASANTE”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2023

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa ao “*alumeado público*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27/01/23).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS LUGARES DAS ANTAS, CASTUGARES, BARREGALLOS, MARIÑAOS, BAGARELAS E ESPASANTE” ao contratista FELIPE LÓPEZ CORRAL, con

DNI núm. [REDACTED], e con domicilio no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, ao prezo de VINTE E SEIS MIL TRESCENTOS DEZANOVE EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (26.319,02 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona María del Pilar Pardo Pérez.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra á facultativa redactora do proxecto.

9.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE A INSTALACIÓN DE PANEIS FOTOVOLTAICOS NO DEPÓSITO DE AUGA NO CRUCEIRO DE AREOSA”, INCLUÍDO NO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FCA) 2023

ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa ao “*abastecemento de auga potable a domicilio*”, segundo o establecido no artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida ao efecto pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2022 da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27/01/23).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA MEDIANTE A INSTALACIÓN DE PANEIS FOTOVOLTAICOS NO DEPÓSITO DE AUGA NO CRUCEIRO DE AREOSA” ao contratista MARCOS GARCÍA VILLANUEVA, con DNI núm. [REDACTED], e con domicilio no lugar da Fervenza, parroquia de Camba, ao prezo de VINTE MIL CINCOCENTOS TRES EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (20.503,06 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto técnico, aprobado no seu día por este órgano, redactado pola enxeñeira técnica industrial Dona María del Pilar Pardo Pérez.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar directora da obra á facultativa redactora do proxecto.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 343,11 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A/1241, 23A/1239 e 23A/1240 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 213,00 € E 172,59 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de agosto de 2023, s/facturas núm. 4003782722 e 4003782724 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 223,85 € E 527,78 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA74I0001517 e TA74I0001518 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 242,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-I3U1-011747 e 28-I3DD-040613 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 1.326,07 €
Por seguro do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 75202319900020007129 (FACe).
- DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO 100,00 € E 50,00 €
Por abono de multas por denuncias de tráfico, s/expedientes núm. 360704694927 e 360704730270.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 88,66 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 280,60 €
Por adquisición de berce para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. A2302.
- ODAIKO KREA S.L. 845,00 €
Por representación do espectáculo “*Verán miúdo*” dentro do programa “*Cultura no camiño 2023*”, s/factura núm. 23/145 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)